

Memoria do común

Completo e complexo

HÉITOR MERA

Almanaque de encantos é un dicionario dos seres e lugares mitolóxicos do Concello de Cerdedo. Mais o labor encomiable de Calros Solla non deixa o texto nun simple glosario ou semellante. Fortalecido polas fermosísimas ilustracións de Mónica García, Joao Bieites e Paco Sutil o *Almanaque*... fai un percorrido polos diferentes seres e lugares mitolóxicos facendo explicación literaria do cometido de cada un deles para a memoria do común. Chama a tención a cantidade de seres mitolóxicos, lendas, lugares e bagaxe mítica deste lugar. De feito non se debe facer unha redución localista do texto. O traballo vai moito máis alá, é un re-

flexo da vizosa mitoloxía popular de Galicia enteira. Non en balde, este tipo de estudos populares deben ser tidos en conta desde unha perspectiva universal fronte ese aparente localismo.

O antropólogo, o filólogo, o literato... esta obra abre a pluri-dimensionalidade dun dos nosos intelectuais máis sobranceiros e activos na última década. Centrándonos no aspecto literario, dicir que o estilo de Solla é do máis completo e complexo que se teña visto na nosa literatura recente. Ora lembra, pola súa fervenza léxico-sintáctica e pola

súa fonda sabedoría, á literatura de Otero Pedrayo, ora lembra pola súa retranca de interior ao mellor Cunqueiro. Así as cousas, e moi a pesar da cantidade de traballos de calidade que xa nos ten ofrecido en tempo récord, estamos devezosos de ver nas librarías unha obra narrativa de Solla. Pode ser pura delicadeza. Desde estas páxinas llo pedimos.

Autor total desde unha obra tan localizada, desde Cerdedo-GZ para o mundo, local e internacional, a Calros Solla deberan nomealo Fillo Predilecto da Terra de Cerdedo. Sen a súa presenza e a súa atención a tal vila non tería a posibilidade de ser exposta cara aos máis con tanta finura e, ao tempo forza. Queda dito.
SOLLA, Calros, Almanaque de encantos, Ed. Morgante, Cangas, 2010, PVP.17 €

